

SEGURIDADE



**NUNCA MIRE DIRECTAMENTE AO SOL
SEN PROTECCIÓN AXEITADA.**



- ✓ Utiliza unicamente lentes homologadas para a observación solar. 
- ✓ Comproba que as lentes non estean danadas nin raiadas. 
- ✓ Supervisa sempre os nenos e nenas durante a observación. 
- ✓ Non utilices lentes de sol, radiografías, CD, cristais afumados nin filtros caseiros. 
- ✓ Se observas con prismáticos, telescopio ou cámara, utiliza filtros solares específicos colocados diante do obxectivo. 



PREVENCIÓN DE INCENDIOS

- Non prendas lume baixo ningunha circunstancia.
- Non tires cabichas nin residuos.
- Respecta as restricións de acceso ao medio natural.
- Segue as indicacións dos servizos de emerxencias.



PLANIFICA A TÚA OBSERVACIÓN

- Chega con tempo suficiente.
- Non bloquees camiños nin accesos.
- Aparca unicamente en lugares permitidos.
- Respecta a veciñanza, as propiedades e os espazos públicos.



MÁIS INFORMACIÓN



IGN

Portal oficial de eclipses do IGN



ECLIPSE
GALICIA
12.08.26




TRÍO DE ECLIPSES
ESPAÑA



Comparte a túa experiencia e etiqueta a Sanxenxo

UN ENCONTRO CO SOL EN SANXENXO

12 DE AGOSTO DE 2026




GUÍA DE OBSERVACIÓN ECLIPSE SOLAR 2026



CONCELLO DE
SANXENXO



QUE É UNHA ECLIPSE DE SOL?



Unha eclipse de sol é un fenómeno astronómico que se produce cando a Lúa pasa entre o Sol e a Terra, proxectando a súa sombra sobre a Terra e ocultando total ou parcialmente a luz solar. Estes eventos só son posibles durante a fase de lúa nova e poden ser de tres tipos:

☉ **Eclipse parcial:** A Lúa só cobre unha parte do disco solar.

☉ **Eclipse anular:** A Lúa bloquea o centro do Sol, deixando visible un anel de luz solar. Prodúcese cando a Lúa está no «afelio», é dicir, na parte máis afastada da súa órbita.

☉ **Eclipse total:** A Lúa cobre completamente o Sol, permitindo observar a súa «coroa» ou atmosfera exterior. Prodúcese cando a Lúa está no «perihelio», é dicir, no punto máis próximo da súa órbita.

En Sanxenxo, ao tratarse dunha eclipse parcial cun escurecemento do 99,5 % do Sol, durante os minutos próximos ao máximo (20:30 h), a radiación solar diminuírá de forma moi intensa. Como consecuencia:

- ☼ A temperatura pode descender entre 2 e 5 °C, e mesmo algo máis en condicións favorables.
- 🕒 A luz ambiental adquirirá un aspecto semellante ao do crepúsculo, aínda que non chegará a facerse completamente de noite porque a eclipse non será total en Sanxenxo.
- 🐦 Algúns animais poden mostrar comportamentos propios do anoitecer, como aves regresando aos seus refuxios ou insectos cambiando a súa actividade.

A ECLIPSE EN SANXENXO

CRONOLOXÍA

FASES DA ECLIPSE

Inicio da eclipse: 19:32 horas

Máximo: 20:30 horas

Final da eclipse: 21:23 horas

DURACIÓN


Eclipse: 1 h 50,9 min

VALORES NO MÁXIMO

Escurecemento: 99,49 %

Altura do Sol: 11,80°

Acimut do Sol: 279,4°



UNHA ECLIPSE DE SOL É UN ACONTECEMENTO EXTRAORDINARIO

Desfrútao con seguridade, responsabilidade e respecto pola contorna.